



Área / Unidade SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA DIRECCIÓN DA ÁREA DE ECONOMÍA E FACENDA CONCELLARÍA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA SAL	Documento FRA1AI01CR	
Código de verificación  2C1U 252S 3I5L 4936 1EF2	Expediente FRA/2026/3	
	Fecha 03-02-2026	

O concelleiro-secretario da Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 126.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 04.02.2026, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

CONCELLARÍA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA

Dirección da Área de Economía e Facenda

Servizo de Xestión Tributaria

Expte. FRA/2026/3

Asunto: Aprobación da Instrución relativa á forma de proceder nos supostos de peticións de redución da cota variable para aqueles suxeitos pasivos que acrediten a participación dos habitantes da vivenda na recollida separada de residuos mediante o depósito de cada unha das fraccións no colector correspondente.

Previa deliberación, de conformidade co informe–proposta (CVS: 584Q4P5Y0A2J5W5700UT) que consta no expediente e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, en canto serve de motivación ao mesmo, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

PRIMEIRO: Aprobar a seguinte instrución de carácter interno que se reproduce a continuación. Esta ten como obxecto principal determinar que, nos procedementos de petición de redución da cota variable nos que os suxeitos pasivos pretendan probar unha conducta medioambiental responsable aos efectos de obter a aplicación dos beneficios fiscais previstos no artigo 6.4 da Ordenanza fiscal número 6, estes deberán presentar a documentación acreditativa dos supostos de tenza dun composteiro no domicilio, entregas aos puntos limpos da cidade ou depósitos de residuos voluminosos ou restos de podas de domicilios particulares conforme ás definicións da instrución que se aproba.



“INSTRUCCIÓN DA ÁREA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA RELATIVA Á FORMA DE PROCEDER NOS SUPOSTOS DE PETICIÓNS DE REDUCIÓN DA COTA VARIABLE PARA AQUELES SUXEITOS PASIVOS QUE ACREDITEN A PARTICIPACIÓN DOS HABITANTES DA VIVENDA NA RECOLLIDA SEPARADA DE RESIDUOS MEDIANTE O DEPÓSITO DE CADA UNHA DAS FRACCIÓNS NO COLECTOR CORRESPONDENTE

A Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público municipais do Concello da Coruña establece no seu artigo 5.3 o seguinte: “*No ámbito das competencias desta corporación, a facultade de ditar disposicións interpretativas ou aclaratorias das ordenanzas fiscais correspóndelle á Xunta de Goberno Local, sen prexuízo da posibilidade da súa delegación ao abeiro do artigo 127.2 LBRL. Estas disposicións interpretativas publicaranse para xeral coñecemento no Boletín Oficial da Provincia e no Portal de Transparencia Municipal*”.

A presente instrución ten por finalidade determinar a forma de proceder na xestión administrativa dos expedientes de beneficios fiscais cando os suxeitos pasivos solicitan a aplicación da redución da cota do 55 % establecida no apartado 6 do artigo 4 da [Ordenanza fiscal número 6, reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida, xestión, transporte e tratamento de residuos de competencia local](#).

A antedita ordenanza establece: “*Aplicarase unha redución do 55% da cota variable para aqueles suxeitos pasivos que acrediten a participación dos habitantes da vivenda na recollida separada de residuos mediante o depósito de cada unha das fraccións no colector correspondente*.”

A tal efecto, considerarase acreditada a participación na recollida separada de residuos se cumpren calquera das seguintes condicións:

- *Que a vivenda conte cun composteiro domiciliario entregado polo Servizo de Medio Ambiente, sempre que non se constate o incumprimento ou falta de uso do mesmo. Os técnicos de Medio Ambiente poderán solicitar en calquera momento que polo suxeito pasivo se acredite a utilización do composteiro ou a realización de comprobacións respecto da utilización do composteiro entregado para a compostaxe.*
- *Que no ano inmediatamente anterior ao da imposición se teñan realizado, como mínimo, dúas entregas a algún dos puntos limpos municipais.*
- *Que no ano inmediatamente anterior ao da imposición se teñan depositado, como mínimo unha vez, residuos voluminosos ou restos de podas de domicilios particulares, sempre que o depósito destes residuos teña sido comunicado e realizado de acordo co establecido polo Servizo de Medio Ambiente. Para a aplicación desta redución na cota variable, será necesario que o Servizo municipal de Medio Ambiente facilite aos servizos tributarios datos sobre os “comportamentos responsables” mencionados anteriormente, sen prexuízo das comprobacións que realicen os propios servizos tributarios”.*

Logo de realizar unha consulta ao Servizo de Medio Ambiente, defínense cales son os “**comportamentos**



responsables” que se deben acreditar para poder ser beneficiario dalgunha das reducións anteriores:

COMPOSTEIRO DOMICILIARIO

En caso de que a vivenda indique que conta cun composteiro doméstico, deberá ser acreditado mediante declaración responsable e fotografías. Deberá figurar a localización do composteiro, que debe ser na propia vivenda. Así mesmo, deberá achegar tres fotos datadas en meses diferentes ao longo do ano do nivel de enchido do composteiro, indicando calquera cuestión relevante (como trasfega do material, baleirado, etc.). Esta documentación presentarse conforme ao disposto no artigo 16.4 da [Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas](#).

Do mesmo xeito, e en relación co punto anterior, o Servizo municipal de Inspección (ou calquera outro órgano que se habilite para tal fin) poderá visitar os domicilios para verificar que o composteiro está sendo empregado de forma correcta. En calquera caso, a visita deberá ser acordada con algún dos membros do domicilio, como mínimo con 24 horas de antelación.

ENTREGAS NOS PUNTOS LIMPOS MUNICIPAIS

Respecto ás entregas nos puntos limpos municipais, estas deberán ser acreditadas mediante unha declaración responsable, que se deberá achegar xunto con tres fotografías datadas do ano anterior ao da devindicación do tributo que permitan diferenciar de forma clara e inequívoca cal é o residuo que se entrega no punto limpo. Entre a información requirida, deberá figurar o día e a hora (aproximada) na que se deposita o residuo no punto limpo e tamén a localización do punto limpo empregado. Esta documentación presentarse conforme ao disposto no artigo 16.4 [Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas](#)¹.

Para que se aplique a redución, deberá realizarse un mínimo de dúas entregas nun dos puntos limpos da cidade. Polo Servizo de Medio Ambiente, e en función do comportamento cidadán respecto desta cuestión, poderá especificarse a tipoloxía de residuos que habilitaría aos/ás cidadáns/ás para poder beneficiarse desta redución na taxa. Non serán válidas entregas de residuos que, pola súa cantidade ou escasa entidade, non sexan representativos (como por exemplo, a entrega de pilas).

Cómpre indicar que depositar residuos tanto no punto limpo móbil como nos minipuntos limpos da cidade, polas características dos residuos que neles se poden entregar, non habilitaría as persoas usuarias para poder ser beneficiarias desta redución.

¹ [Artigo 16.4 da Lei 39/2015](#): Os documentos que os interesados dirixan aos órganos das administracións públicas poderán presentarse:

- a) No rexistro electrónico da administración ou organismo ao que se dirixan, así como nos restantes rexistros electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1.
- b) Nas oficinas de Correos, na forma que regulamentariamente se estableza.
- c) Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.
- d) Nas oficinas de asistencia en materia de rexistros.
- e) En calquera outro que establezan as disposicións vixentes.



A información que se indique na declaración responsable poderá ser contrastada coa empresa responsable de xestionar os puntos limpos.

DEPÓSITO DE RESIDUOS VOLUMINOSOS (de domicilios particulares)

Respecto ao depósito de residuos voluminosos, que como mínimo deberá ser de unha vez/ano, este deberá ser comunicado a través do 010, e así mesmo deberá ser acreditado a través da declaración responsable e da achega de tres fotografías datadas do ano anterior ao da devindicación do tributo que permitan diferenciar de forma clara e inequívoca cal é o residuo voluminoso que se deposita, de acordo ao estipulado na Ordenanza municipal de xestión de residuos municipais e limpeza viaria vixente neste momento. Esta documentación presentarse conforme ao disposto no artigo 16.4 [Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas](#).

No momento de contactar co 010, deberá indicárselle de forma clara que a persoa usuaria quere ser beneficiaria da redución na taxa do lixo.

Se os residuos voluminosos se entregan nun dos puntos limpos da cidade, o protocolo a seguir será o definido no punto que fai referencia ás entregas nos puntos limpos municipais.

DEPÓSITO DE RESTOS DE PODAS (de domicilios particulares)

Respecto ao depósito de restos de podas de domicilios particulares nos puntos limpos da cidade, este deberá ser acreditado mediante unha declaración responsable, que se deberá achegar xunto con tres fotografías datadas do ano anterior ao da devindicación do tributo que permitan diferenciar de forma clara e inequívoca a cantidade de poda que se entrega no punto limpo. Entre a información requirida, deberá figurar o día e a hora (aproximada) na que se deposita o residuo no punto limpo e tamén a localización do punto limpo empregado. Esta documentación presentarse conforme ao disposto no artigo 16.4 da [Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas](#).

Así mesmo, a cantidade mínima de restos de podas e segas domésticas deberá ser de 960 litros (equivalente á capacidade de catro contedores para a fracción orgánica -de tapa marrón- localizados na vía pública). Esta cantidade poderá ser revisada polos servizos técnicos municipais da Concellaría de Medio Ambiente.

A información que se indique na declaración responsable poderá ser contrastada coa empresa responsable de xestionar os puntos limpos.

En caso de seren detectadas irregularidades nalgún dos puntos expostos previamente, a redución na taxa quedará sen efecto, sen prexuízo de que o Concello da Coruña poida tomar algún tipo de medida sancionadora, que en calquera caso deberá estar regulada na futura Ordenanza municipal de xestión de



residuos municipais e limpeza viaria”.

SEGUNDO: Aprobar o modelo de declaración responsable que deberá ser presentada polos suxeitos pasivos para acreditar unha conducta medioambiental responsable de cara a obter a aplicación dos beneficios fiscais previstos no artigo 6.4 da [Ordenanza fiscal número 6, reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida, xestión, transporte e tratamento de residuos de competencia local](#). O devandito modelo consta incorporado a este expediente electrónico, co seguinte código CSV: 6X5C 6Y6U1P4D542116SM, e estará á disposición da cidadanía, unha vez aprobada e publicada a instrución, na sede electrónica municipal, na web do Concello da Coruña e nos rexistros municipais.

TERCEIRO: O texto íntegro da instrución publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no Portal de transparencia desta Administración municipal para os efectos oportunos.

E para que así conste aos efectos oportunos, expido a presente certificación na Coruña, na data de sinatura electrónica do presente documento, que asina xunto a min a oficial maior, María Esther Álvarez Martínez, como funcionaria titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e encargada das funcións de fe pública, segundo a Disposición Adicional 8ª da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a reserva dos termos definitivos nos que quede redactada a acta.

Concelleiro-secretario da Xunta de Goberno Local

José Manuel Lage Tuñas

Confrontado e conforme, oficial maior

María Esther Álvarez Martínez